

# A bendita intranscendencia do pop

**Xesús Fraga**

*Gañador do IV Premio a artigos xornalísticos normalizadores Concello de Carballo 2008*

«Eu pretendín, coas miñas cancións, loitar para que desapareza a imaxe de menosprezo da miña lingua. Quero demostrar que non é un idioma só para os humildes e, asemade, que a xente humilde vexa que coa lingua que fala se poden cantar cousas ledas e de hoxe». Quen así se expresaba non era un abandeirado da canción protesta nin un compositor tradicional, senón un músico pop: Andrés do Barro reivindicou un lugar para o galego na música popular. Nos tocadiscos dos guateques, na radio do adolescente solitario, nos coches dos namorados. Na vida cotiá. A normalidade, en definitiva.

Engádelle máis valor que expresara as súas arelas en 1971, tempos nos que o galego se vía confinado ao couto do folclorismo, que el rachou co fito d' *O tren*. Se este tema é un clásico non é por unha cuestión lingüística, malia o seu uso rompedor e visionario da lingua, senón polas calidades propias do xénero: melodía, ritmo, sensibilidade pop. Por paradoxal que pareza, o éxito do galego semella radicar en non atribuírlle máis importancia cós demais elementos que entran en xogo na creación artística.

Nun década dominada polos cantautores folk, o exemplo de Do Barro tería que agardar máis de dez anos para prender un relevo. Os Resentidos abordaron o xénero dende outra perspectiva, a dos artistas pop que converteron elementos da cultura de consumo en iconas, visión que aplicaron a unha sociedade en cambio: a Galicia autonómica que vivía unha transformación urbana na que, segundo o caso, o substrato rural era un lastre incómodo ou unha raiceira necesaria. Os Resentidos captaron o seu *zeitgeist*, pero, igual que *O tren*, se *Fai un sol de carallo* chegou a himno xeracional non só se debeu á súa audaz mestura de gaita e sintetizador, senón tamén á súa perfección pop, a que cimentou e espallou o seu éxito: alí onde os referentes galegos se perdían na tradución, estaba o pop. Como Do Barro, foron unha luz inspiradora, pero solitaria.

Outro decenio transcorrería ata o seguinte chanzo: o bravú, un movemento heteroxéneo encabezado polos Diplomáticos de Monte Alto, que asentou a primeira xeración como tal do pop galego, mais de vida curta. O bravú acusou

a crecente fragmentación do público, a competencia do novo folk, pero, aínda máis, o limitado atractivo musical das súas propostas, agás contadas excepcións.

E coma se dun ciclo decenal se tratase, o pop galego atópase agora inmerso noutra revolución de grupos que empregan o galego, quizais por primeira vez, como algo tan natural como os seus gustos musicais, realmente variados: o pop potente de The Homens, a electrónica de Fanny+Alexander e Projecto Mourente, a fusión de Lamatumbá, o hip hop de Dios Ke Te Crew, a excentricidade de Ataque Escampe... A implantación de Internet forneceunos de ferramentas para ampliar as súas influencias e difundir as súas cancións. A estes grupos nótaselles lixeiros por non ter que cargar coa responsabilidade de facer país ou salvar o idioma, algo ao que, por paradoxal que pareza, están a facer: desde esa normalidade á que aspiraba Do Barro, a quen esta fornada rende homenaxe no disco colectivo *Manifesto Dobarrista*. Grupos que non queren que os etiqueten pola súa opción lingüística, senón que queren gozar da mesma liberdade para o idioma que para as guitarras, mesmo se se trata de cantar un *Sha-la-la-la* que o público corea porque sabe a letra das súas cancións favoritas, sen prexuízos lingüísticos. É pop, é en galego, e gústame. A bendita intranscendencia do pop está a dicir moito polo idioma.